

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E ACCEM PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIA SEXUAL E TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, ASÍ COMO DE APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS , PREFERENTEMENTE ENTRE MULLERES INMIGRANTES, RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

**REUNIDOS**

Dunha banda, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, Enrique Barbero Rodríguez , que actúa en nome e representación de ACCEM (NIF G79963237), en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co apoderamento outorgado ante notario, con data 18/1/2021.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

**EXPOÑEN**

**Primeiro**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

**Segundo**

Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

**Terceiro**

Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,



modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle no seu artigo 3 que tanto a violencia sexual como a trata de seres humanos con fins de explotación sexual son formas de violencia de xénero.

Ademais, establece no seu artigo 6 que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

E no seu artigo 7.2 dispón que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

#### **Cuarto**

Que a proporción de mulleres estranxeiras en España vítimas de violencia de xénero, e especificamente de violencia sexual e trata, ao igual que a proporción de agresores estranxeiros supón unha sobre-representación respecto ao peso demográfico de mulleres e varóns estranxeiros en España.

#### **Quinto**

Que entre as causas que axudan a analizar a orixe desta situación atópanse por un lado as referencias sobre a desigualdade entre homes e mulleres máis manifestas nalgúns dos lugares de procedencia dunha parte da poboación estranxeira, o que motiva que o recurso á violencia se revista de lexitimidade e normalidade para os agresores, e tamén para as vítimas, e por outro, as especiais circunstancias nas que se atopan en moitas ocasións as mulleres estranxeiras, o que orixina unha inseguridade e dificultade superior á das mulleres españolas á hora de romper coa espiral de violencia.

#### **Sexto**

Que a entidade ACCEM está inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-2158, e forma parte da Rede Galega contra a Trata.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes.

#### **Sétimo**

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é



o caso no que o interese prioritario é poder realizar accións de información, prevención, sensibilización da violencia sexual e trata, preferentemente entre mulleres inmigrantes, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas con acreditada experiencia nesta temática.

As actuacións previstas ao amparo deste convenio de colaboración son complementarias e non coincidentes coas realizadas en virtude da subvención a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, convocadas pola Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 21 de decembro de 2021. As actuacións obxecto deste convenio non poden ser subvencionadas pola indicada convocatoria debido á natureza dos fondos que financian esas axudas (fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020), que esixen a identificación nominativa de cada unha das mulleres participantes nos ditos proxectos de atención social integral, pero que se amosan de enorme importancia na prevención da violencia sexual e a trata entre a poboación inmigrante.

O financiamento deste convenio efectúase cos fondos finalistas procedentes do Estado, aprobados na Conferencia Sectorial de 2022, nos que se prevé expresamente o apoio a mulleres vítimas de violencia sexual. Os contextos nos que viven e nos que son detectadas moitas das vítimas de trata e de explotación sexual (clubes, pisos ou rúa) imposibilitan, na meirande parte das ocasións, a súa identificación, ao que se engade a situación administrativa irregular na que se atopan moitas delas, o que as coloca nunha situación de máxima vulnerabilidade que lles impide o acceso a servizos normalizados, tanto de información como de apoio, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais (alimentación, vivenda ou gastos médicos).

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a entidade ACCEM, para o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, así como de apoio ás súas vítimas, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade principal é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións



de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante, así como prestar apoio directo ás vítimas, incluídas axudas económicas directas para cubrir as súas necesidades básicas e puntuais.

## **SEGUNDA.-COMPROMISOS DAS PARTES**

a) A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización sobre violencia de xénero, incluída a violencia dirixido a mulleres inmigrantes preciso á entidade ACCEM, así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta das actuacións de información, prevención e sensibilización.

b) A entidade ACCEM comprométese a desenvolver accións específicas de información, sensibilización, prevención da violencia sexual e trata con fins de explotación sexual, e apoio ás vítimas destas violencias, preferentemente entre mulleres inmigrantes, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **TERCEIRA .- ORZAMENTO**

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á entidade ACCEM a cantidade máxima de doce mil euros (12.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.481.1 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A entidade destinará as achegas feitas pola Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a sufragar os gastos correntes derivados das accións desenvolvidas no marco deste convenio.

De non xustificaren o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a súa finalidade, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

## **CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2022. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos destinados ao desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización en materia de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual non poderá ser inferior ao 25% do importe do convenio.



Tamén serán subvencionables os gastos de persoal da entidade vinculados directamente ao desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio e que non poderán superar o 25% do importe do convenio.

## **QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade. Así mesmo remitirase a dita memoria co anexo en formato editable.
- b) Mostra de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Xunta de Galicia, Ministerio de Igualdade e Xacobeo 21-22.
- c) Certificación expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número de factura ou recibín no caso das axudas directas, concepto, importe, porcentaxe imputada ao convenio e importe imputado ao convenio.
- d) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

A xustificación do pagamento farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc., no caso de pagamento; no caso de pagamentos mediante cheque bancario, que será sempre nominativo, xuntarase a este a copia do extracto bancario onde figure o cargo en conta do dito cheque) en que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

Dada a especial vulnerabilidade e situación das persoas destinatarias finais (víctimas de violencia sexual e trata con fins de explotación sexual) para a xustificación dos pagamentos das axudas económicas directas aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín, que terá carácter excepcional, e só será admisible para gastos por importes inferiores a



1.000 euros , e só para aqueles casos nos que se xustifique a imposibilidade do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo.

As axudas económicas directas terán unha contía máxima subvencionable de 1.000 € por persoa.

Ademais a xustificación das axudas económicas de emerxencia concedidas acreditarase cunha certificación da entidade por cada persoa beneficiaria, na que se faga constar que os ditos gastos foron realizados pola entidade con cargo a este convenio e que incluírá os datos da persoa ou persoas beneficiarias da axuda, o importe da axuda e a finalidade da dita axuda, especificando a necesidade que se pretende cubrir, e un recibín asinado pola beneficiaria, no que consten os seus datos (nome, apelidos e documento identificativo) o importe e a finalidade da axuda (alugueiro, alimentación, ...).

No caso de imposibilidade de aboamento da axuda mediante transferencia bancaria achegárase un informe asinado tanto pola beneficiaria como pola persoa responsable da entidade que xustifique suficientemente as causas que motivan a imposibilidade do pagamento mediante transferencia bancaria ou cheque nominativo.

Tamén deberán achegarse os xustificantes dos gastos realizados (facturas, tickets...), agás casos moi excepcionais que deberán xustificar suficientemente a imposibilidade de achegalos a través dun informe asinado pola beneficiaria e a persoa responsable da entidade no que se indique o motivo que imposibilita achegar os ditos xustificantes.

Os gastos de persoal xustificáranse mediante as nóminas, acompañadas dos seguros sociais e da retención á conta do imposto do IRPF xunto cos xustificantes bancarios que acrediten os seus pagamento.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

e) Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

f) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de



estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de novembro de 2022, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite do 2 de decembro de 2022.** Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

#### **SEXTA.- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA**

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **SÉTIMA. NOTIFICACIÓNS**

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia



(<https://sede.xunta.gal> ).Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **OITAVA. OBRIGAS**

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a entidade ACCEM, adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.

b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Xunta de Galicia-Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade-Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, utilizando correctamente a identificación da Xunta de Galicia e do Ministerio citado.

c) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

f) Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de



ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

g) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

i) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral da Igualdade.

j) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

#### **NOVENA.- COMPATIBILIDADE**

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO**



A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederáse á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a entidade ACCEM en



calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

#### **DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de



plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Por ACCEM, o seu representante e/ou persoa que este dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan este convenio.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE

O REPRESENTANTE DE ACCEM

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

Enrique Barbero Rodríguez

